



ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa de administración por determinados documentos que expide ou que entende a Administración municipal ou as autoridades municipais a instancia de parte, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Está determinado pola actividade municipal desenvolvida con motivo da tramitación ou expedición dos documentos para verificar os extremos a xustificar ou facer constar neste.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunde a tramitación do documento ou expediente do que se trate.
2. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e ss. da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 4. TARIFA.

1) Por cada verificación de poder, efectuada polo Secretario Xeral	7,40 €
2.1) Dilixencia de compulsa de documentos obrantes nos expedientes que se xestionen nas distintas dependencias municipais (por cada folla incluída as dúas caras).	1,05€
2.2) Dilixencia de compulsa de documentos que se presenten para incorporar aos expedientes administrativos que se xestionen no Concello.	0,00€
3.1) Por comunicacións previas de primeira ocupación, por cada vivenda de que conste o edificio.	36,82 €
3.2) Por expedición de licenza para a instalación dunha terraza en solo privado.	
4) Certificacións de informes emitidos por técnicos municipais por petición de parte.	24,49 €
5) Certificacións de cualificación urbanística ou certificacións de autorizacións de parcelacións/ segregacións.	24,49 €
6) Por cada instancia que se dirixa solicitando licenza de obras, realizando comunicación previa de obras, solicitando licenza de apertura	7,40 €



NARÓN

ou presentando comunicación previa para o inicio de actividades, ou similares	
7) Pola modificación do interesado nos expedientes	7,40 €
8) Polas tramitacións de cambio de titularidade no IBI	13,55 €
9) Por fotocopiar expediente, por cada folio: tamaño DIN A4:	
As primeiras 10 copias, cada unha	0,19 €
Polas restantes, cada unha	0,12 €
tamaño DIN A3	0,24 €
Copias de planos en plotter	3,65 €
10) Licenzas para vehículos de clase A "auto-taxi"	48,76 €
11) Licenzas para vehículos de clase B "auto-turismo"	48,76 €
12) Licenzas de clase C "de servizos especiais e de abono".	48,76 €
13) Licenzas para vehículos de clase C "vehículos sen conductor".	48,76 €
14) Licenzas para vehículos non incluídos nos grupos anteriores	5,37 €
15) Permisos para conducir auto-taxi	7,33 €
16) Copia do informe realizado pola Policía Local en caso de accidente de tráfico salvo que algún dos implicados incurran nun delicto ou se produzcan vítimas mortais a causa do sinistro	101,80 €
17) Por exemplar completo das ordenanzas fiscais	36,82 €
18) Por exemplar completo do PXOU	123,03 €
19) Por cada norma zonal do PXOU	12,33 €
20) Por cada plano	3,65 €
21) Por información ou documentación de calquera tipo sobre soporte informático, por unidade de CD ou DVD	16,91 €
22) Cartografía:	
Zona rural	
Por plano 1:2000 en formato dgn	9,37 €
Por plano 1:2000 en formato dgn con ortofoto en formato TIFF	18,73 €
Toda a zona rural en formato dgn	497,31 €
Toda a zona rural en formato dgn con ortofotos en formato TIFF	994,63 €



Zona urbana

Zona urbana	
Por plano 1:1000 en formato dgn	16,29 €
Por plano 1:1000 en formato dgn con ortofoto en formato TIFF	32,58 €
Toda a zona urbana en formato dgn	1.451,26 €
Toda a zona urbana en formato dgn con ortofotos en formato TIFF	2.902,52 €
Toda a cartografía en formato dgn	1.732,07 €
Toda a cartografía en formato dgn con ortofotos en formato TIFF	3.464,13 €
23) Por cada certificación expedida dos padróns fiscais	3,65 €
24) Dereitos de exame:	
Dereitos de exame para prazas incluídas nas ofertas de emprego	17,21 €
Dereitos de exame para prazas de promoción interna	8,57 €

ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS E EXENCIÓNS.

Non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou as derivadas da aplicación dos tratados internacionais.

Están exentos do pagamento dos dereitos de exame as persoas que concorran ás convocatorias de persoal do Concello que teñan recoñecida unha discapacidade superior ao 33%.

Tamén están exentos de pagamento das tarifas desta taxa os documentos que se soliciten para instar a xustiza gratuita.

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN.

1. O Concello de Narón, ao abeiro da facultade que lle concede o artigo 26 da Lei reguladora das facendas locais, establece a autoliquidación do importe da taxa obxecto desta ordenanza, a cal será esixida e percibida coa presentación da solicitude que inicie o expediente, que non será tramitado sen este requisito.

2. A taxa correspondente á expedición de copias dos atestados percibirase no intre de presentar a solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Narón. Para iso facilitárselles un impresu de autoliquidación das taxas aos contubíntes.

3. O pagamento da taxa en concepto de cesión de cartografía en formato electrónico non supón autorización para a súa transmisión a terceiros, nese mesmo formato, sen a previa autorización do Concello e a liquidación da taxa que corresponda en función do alcance da distribución e o beneficiario da mesma.

4. A taxa correspondente á expedición de licenzas de terrazas en solo privado, así como as copias solicitadas dos expedientes administrativos esixiranse no momento no que se outorguen as ditas licenzas ou se poñan a disposición dos interesados as copias requiridas.

5. No caso de solicitar a expedición de copias, as tarifas que resulten de aplicación en cada caso, serán liquidadas tanto no suposto de copias físicas como dixitais.

6. A taxa correspondente ás comunicacións previas de primeira ocupación esixirase no momento de presentación da dita comunicación, mediante o réxime de autoliquidación.



ARTIGO 7. INFRACCIÓN S E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.